# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## INGLÉS :
## 2º e 4º da ESO

## CURSO 2022/ 23

Xefa de Departamento: Mª Isabel Pampín García

## 1. COMPOSICIÓN DO SEMINARIO E DISTRIBUCION DO ALUMNADO:

Mª Isabel Pampín García - Xefa de departamento e Coordinadora plurilingüe, neste curso , imparte 1º Eso A e B , 2º ESO A e B, e 3ª , cun total de 15 horas lectivas.

Xaime González Calvo, que imparte 4º de ESO cun total de 3 horas lectivas. Tamén imparte lingua castelá, latín e optativas.

Auxiliar de Conversa: Temos asignada a auxiliar Radhika Rastogi, de nacionalidade india.

**DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO:**

**TOTAL: 62 ALUMNOS-AS**

**2º A: 18 ALUMNOS-AS.**

**2ºB : 18 ALUMNOS-AS.**

**4ª : 26 ALUMNOS.AS.**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2ºA | 18 | | 6 con reforzo |
| 2ºB | 18 | 1 con ACI | 2 con reforzo |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 4º | 26 | 1 con ACI | 8 con reforzo |

## DISTRIBUCIÓN DO ESPAZO DENTRO DA AULA

Distribución libre de pupitres en filas de 1, 2 ou 3, según criterio do titor-ra.

## HORARIO DAS CLASES

Nome e cargo da profesora: MARIA ISABEL PAMPÍN GARCÍA - *XEFA DEPARTAMENTO E COORDINADORA PLURILINGüE*

| *ISABEL* | *LUNS* | *MARTES* | *MERCORES* | *XOVES* | *VENRES* |
|---|---|---|---|---|---|
| *9.00-9-50* | | | | | |
| *9.50-10.40* | | *1º B* | *Pluril* | | |
| *10.40-11.00* | *Recreo* | *recreo* | *Recreo* | *recreo* | *recreo* |
| *11.00-11.50* | *1º A* | *2ºA* | *1 º B* | *Pluril.* | *.1º B* |
| *11.50-12.40* | *Pluril* | *T.P.* | *1º A* | *3º* | *Garda* |
| *12.40-13.00* | *Recreo* | *recreo* | *Recreo* | *Recreo* | *Recreo (Garda)* |
| *13-13.50* | *X.D.* | *G* | *2ºA* | *2ºA* | *1º A* |
| *13.50-14-40* | *2º B* | *2º B* | *3º* | *2º B* | *3º* |

Coma todos estes anos, contamos coa axuda dun auxiliar de conversa de fala inglesa. Este curso contamos con **Radhika Rastogi** , de nacionalidade india, a cal terá 16 horas de clase, repartidas coma segue no horario seguinte, 6 para inglés en tódolos cursos, 2 en Tecnoloxía, 1 en TICs, 3 en plástica, e 4 sesións en Educación primaria nos diferentes cursos , en robótica e plástica .

| *Auxiliar: Radhika* | *LUNS* | *MARTES* | *MERCORES* | *XOVES* | *VENRES* |
|---|---|---|---|---|---|
| *9.00-9-50* | *TEC 2ºB* | | | *ROBOT.4º PRIM* | |
| *9.50-10.40* | *TEC 2º A* | *ING 1ºB ESO* | | | |
| *10.40-11.00* | *recreo* | | | *recreo* | *recreo* |
| *11.00-11.50* | *ING.1ºA* | | | *ING 3º ESO* | *PLAST 3ºESO* |
| *11.50-12.40* | *TICS 4ºESO* | *12- 12.50 ROBOT.6º PRIM* | | | *12-12.50 PLAST 1º A Y B- PRIM (1/2)* |
| *12.40-13.00* | *recreo* | | *recreo* | *recreo* | *12.50-13.40 PLAST 5º PRIM* |
| *13-13.50* | | | | *ING .2º A* | |
| *13.50-14-40* | | *ING 2º B ESO* | | *PLAST.1ºB* | |
| *MEDIODÍA* | | | | | |
| *16.40-17.30* | ING 4º ESO | | | | |

| | |
|---|---|
| *17.30-18.20* | PLAST 1ºA ESO |

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As **Competencias Clave do currículo** son as seguintes:

**1.º Comunicación lingüística. (CCL)**
**2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)**
**3.º Competencia dixital. (CD)**
**4.º Aprender a aprender. (CAA)**
**5.º Competencias sociais e cívicas. (CSC)**
**6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (SIE)**
**7.º Conciencia e expresións culturais. (CCEC)**

A materia de Lingua Estranxeira, nas súas distintas modalidades, contribúe de maneira fundamental, ao desenvolvemento da **Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)**, non só en segundas linguas senón tamén con respecto ás linguas maternas. Por unha banda, a aprendizaxe das segundas linguas debe aproximarse ao proceso de adquisición das linguas maternas para producir uns resultados de carácter natural e directamente aplicables ao uso lingüístico no mundo real; por outro, a reflexión consciente e o desenvolvemento sistemático de competencias variadas que leva a aprendizaxe de segundas linguas pode estenderse ás linguas maternas co fin de mellorar as competencias nestas para comprender, expresarse, interactuar e articular pensamentos e sentimentos sobre un mesmo, o outro, e a contorna mental e física no que se actúa e se constrúen as relacións como axente social.

O carácter dinámico da lingua, tamén está presente nas **Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT)** e outras áreas de coñecemento, ás que a Lingua Estranxeira pode contribuír facilitando e expandindo o acceso a datos, procedementos e técnicas de investigación; facendo posible un intercambio máis directo e frutífero entre comunidades científicas, e propiciando a construción conxunta do saber humano.

Neste e en calquera outro ámbito, a actividade lingüística realízase en gran parte hoxe en día a través de medios tecnolóxicos. Estes medios están recollidos no currículo como soportes naturais dos textos orais ou escritos que o alumno haberá de producir, comprender e procesar, polo que a **Competencia dixital (CD)** enténdese como parte substancial da competencia comunicativa.

O uso das tecnoloxías da información e a comunicación debe ter importantes repercusións na maneira en que as linguas estranxeiras ensínanse e apréndense, e as necesarias innovacións neste campo han de basearse nun novo concepto da lingua, que non é algo que meramente se sabe, senón, fundamentalmente, algo que a persoa fai.

Grazas aos recursos dixitais e multimedia do curso, o alumnos afaranse a usar as tecnoloxías da información e comunicación como ferramentas esenciais para aprender e comunicarse, e mostrarán que con frecuencia teñen iniciativa para usar os materiais dixitais e para buscar e comunicar información de maneira independente. Tamén se familiarizarán co vocabulario básico para falar de informática en inglés.

No proceso mesmo de aprendizaxe desenvólvese outra competencia básica, a de **Aprender a aprender (CAA)**, polo que o currículo incide no carácter procedimental de todos os seus elementos constituíntes e das súas relacións. Os contidos necesarios para alcanzar os Estándares de aprendizaxe avaliables, cuxo grao de adquisición valórase aplicando os criterios de avaliación descritos así mesmo como accións, son considerados como contidos *competenciais*, isto é todo aquilo que o

alumno debe, simultaneamente, saber, saber utilizar e saber incorporar ao seu perfil de competencias. O currículo axuda ao alumno a desenvolver a capacidade de aprender a aprender comezando por establecer de maneira transparente e coherente os obxectivos ou resultados pretendidos, que teñen que facer os estudantes como falantes da lingua estranxeira mediante o uso da mesma; determinando o que necesitan aprender para alcanzar eses obxectivos, e indicando as estratexias que poden aplicar para conseguilo. Marcarse obxectivos de diverso carácter segundo as necesidades de construción do perfil persoal de competencias é, así mesmo, o primeiro paso para unha eficaz aprendizaxe autónoma e ao longo da vida.

O uso efectivo de linguas estranxeiras supón necesariamente unha visión aberta e positiva destas relacións cos demais, visión que se materializa en actitudes de valoración e respecto cara a todas as linguas e culturas, cara a outras persoas cuxos usos, valores e crenzas difiren dos propios, así como na apreciación do carácter relativo de costumes, prácticas e ideas, circunstancia que debe entenderse como unha oportunidade única de enriquecemento mutuo e de evitación ou resolución de conflitos de maneira satisfactoria para todas as partes. As **Competencias Sociais e Cívicas (CSC)**, e a **conciencia e** a **expresión culturais (CCEC)**, tanto as circunscritas ás contornas máis inmediatas como as propias de ámbitos cada vez máis amplos de actuación, forman, así, parte das habilidades que comprende unha competencia intercultural integrada na aprendizaxe de linguas estranxeiras.

A **conciencia e a expresión culturais (CCEC)** supón ademais coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

O enfoque orientado á acción adoptado no currículo concéntrase no alumno, que é quen aprende, constrúe as súas competencias e utilízaas, tanto para levar a cabo as tarefas de aprendizaxe na aula como as que demanda a comunicación real. Por tanto, a materia de Lingua Estranxeira contribúe decisivamente ao desenvolvemento do **sentido da iniciativa (SIE)**,

en especial polo que respecta ás actividades de expresión e interacción oral e escrita, nas que, desde a súa mesma planificación, o alumno ha de tomar decisións sobre que dicir e como facelo, a través de que canle e con que medios, en que circunstancias e dependendo de que expectativas e reaccións dos interlocutores ou correspondentes, todo iso co fin de cumprir o propósito comunicativo que persegue co maior grao posible de éxito. A elección e aplicación consciente das estratexias de comunicación, de organización do discurso, de control sobre a súa execución e de reparación do mesmo, preparan aos alumnos para asumir as súas responsabilidades, atopar seguridade nas súas propias capacidades, reforzar a súa identidade e regular o seu comportamento.

A articulación clara e convincente de pensamentos e ideas e a capacidade de asumir riscos, xunto coa xestión adecuada da interacción e o estímulo que supón comunicarse noutras linguas para enfrontar novos retos ou resolver problemas en escenarios complexos, son fundamentais no desenvolvemento do **espírito emprendedor**. As linguas estranxeiras son ademais a porta a un mundo de infinitas posibilidades no terreo laboral e profesional, e o currículo pretende fomentar o emprendimento como actitude ante a vida incorporando actividades concretas nas que o alumno aprende a ser crítico, creativo e comprometido tamén nestes contextos.

## 3. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

| COMPETENCIAS CLAVE | SIGLAS |
|---|---|
| 1. Comunicación lingüística | CCL |
| 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía | CMCT |

| COMPETENCIAS CLAVE | SIGLAS |
|---|---|
| 3. Competencia dixital | CD |
| 4. Competencia de aprender a aprender | CAA |
| 5. Competencias sociais e cívicas | CSC |
| 6. Competencias de sentido de iniciativa e espíritu emprendedor | CIEE |
| 7. Competencia de conciencia e expresións culturais | CCEC |

## 3. PERFIL COMPETENCIAL:

O perfil competencial é unha maneira de visualizar o peso de cada competencia básica dentro da materia. As porcentaxes calcúlanse a partir do número de veces que aparece cada competencia no currículo. Como era previsible as que mais peso teñen son as de comunicación lingüística, a de aprender a aprender,a de conciencia e expresión cultural , a de competencia dixital e a social e cívica, aínda que varían por curso.

Chama a atención o 0% nas competencias matemática e científica e no sentido da iniciativa e espírito emprendedor, aínda que nos libros de texto sí que hai e se len na clase algúns textos e unha revista que toca temas científicos e matemáticos e o coñecemento da lingua extranxeira facilita o acceso a datos científicos escritos en inglés ,e en referencia ao espírito de iniciativa do alumnado traballase de forma indirecta á hora de mandar traballos voluntarios de tema mais libre. Co cal , algo sí se tocan estas dúas competencias aínda que moito menos ca noutras materias.

**As percentaxes do uso das competencias básicas por curso son coma segue:**

**2º ESO:**

CCL: 22% CMCT: 0% CD : 21% CAA: 14% CSC: 22% CIEE: 0% CCEC: 21%




**4º ESO:**

CCL: 24% CMCT: 0% CD : 10 % CAA: 23% CSC: 23% CIEE: 0% CCEC: 20 %




## 4. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO.

A Educación Secundaria Obrigatoria nos cursos da Eso contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos

humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, si houbela, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

| Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Mínimos esixibles | Competencias clave | Temp | | |
| | | | | | 1º | 2º | 3º |
| Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | | | | | |
| ▪ B1.2. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:<br>– Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a | ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a | ▪ PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo. | ▪ Comprende expresións básicas de benvida, agradecemento, etc. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ x | ▪ x | ▪ x |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| inferencias do significado baseadas no contexto.<br>– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.<br>– Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).<br>– Identificación de palabras clave.<br>– Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.<br>– Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.<br>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.<br>▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.<br>▪ Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>– Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. | quen, con que intencións, onde e cando), que permiten inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave.<br>▪ B1.2. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves que conteñan vocabulario propio do nivel.<br>▪ B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. | ▪ PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar. | ▪ Comprende instrucións expresións breves e sinxelas do seu nivel relacionados co seu contexto e idade. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ x | ▪ x | ▪ x |
| | | ▪ PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez. | ▪ Comprende información moi esencial en gravacions sempre que poida escoitalas varias veces. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ x | ▪ x | ▪ x |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).<br>– Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión dos elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. | ▪ B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis relevantes en conversas cotiás, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con certa naturalidade e boa articulación, se pode escoitalas de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.<br>▪ B1.5. Recoñecer os puntos esenciais e a información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados pausadamente e con claridade, que conteñan narracións e/ou descricións moi sinxelas, que traten sobre asuntos moi previsibles da vida cotiá ou moi coñecidos.<br>▪ B1.6. Comprender transacciĂłns moi básicas de bens e servizos (datos persoais, horarios e prezos), | ▪ PLEB1.4. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión). | ▪ Distingue con apoio de imaxes a idea principal dunha presentación. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ x | ▪ x | ▪ x |
| | | ▪ PLEB1.5. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas. | ▪ Identifica os puntos principais dunha conversa informal, sinxela a velocidade lenta | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ x | ▪ x | ▪ x |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e articuladas con certa lentitude e claridade, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan escoitar máis dunha vez. | ▪ PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito. | ▪ Comprende con repeticións, expresións de gustos sobre asuntos prácticos da vida. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ x | ▪ x | ▪ x |
| | | ▪ PLEB1.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempo atmosférico, noticias presentadas con imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez. | Identifica se escoita varias veces información concreta sobre noticias con imaxes en medios audiovisuais adaptados para a aprendizaxe. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ x | ▪ x | ▪ x |
| Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción | | | | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.<br>– Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.<br>– Execución:<br>– Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.<br>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>– Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de | ▪ B2.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descricións, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais e con dominio do vocabulario elemental, para lograr a finalidade da comunicación.<br>▪ B2.2. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dea, se solicite e se intercambie información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifiquen brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e de plans sinxelos, aínda que ás veces haxa | ▪ PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervén na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións. | ▪ Intenta usar a lingua inglesa na aula ainda que cometa erros e teña que pedir axuda. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ x | ▪ x | ▪ x |
| | | ▪ PLEB2.2. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira e respeto polos compañeiros. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ x | ▪ x | ▪ x |
| | | ▪ PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e | ▪ Móstrase disposto a colaborar en traballos tipo presentacións de power point, ou elaboración de videos cortos na lingua estranxeira. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ x | ▪ x | ▪ x |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| texto.<br><br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos<br>  – Lingüísticos:<br>    – Modificación de palabras de significado parecido.<br>    – Definición ou parafraseo dun termo ou dunha expresión. | interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e para seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.<br><br>▪ B2.3. Participar en conversas espontáneas relacionadas coas actividades de aula e en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non | sinxelas de oíntes sobre o contido destas. | | | | | |
| | | ▪ PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando. | ▪ Sabe saudar e usar expresións da vida diaria útiles para compras, viaxes, transporte, etc. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ x | ▪ x | ▪ x |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| – Petición de axuda ou clarificación.<br>– Paralingüísticos:<br>– Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.<br>– Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal)<br>– Uso de elementos cuasiléxicos de valor comunicativo (hum, puah, etc.).<br>– Uso de elementos prosódicos (pausas, ritmo, entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou ointe as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.<br>▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás | entende algo.<br>▪ B2.4. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando con elas na interacción, verificando a comprensión propia e das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.<br>▪ B2.5. Manexar con certa fluidez frases feitas curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.<br>▪ B2.6. Intercambia información ou responde a preguntas directas simples e breves, relativas a información persoal, hábitos, gustos, estudos | ▪ PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. | ▪ Expresa de forma sinxela a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, peticións e instrucións. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ x | ▪ x | ▪ x |
| | | ▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas do seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ Colabora cos compañeiros na interation en lingua inglesa | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ x | ▪ x | ▪ x |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| demais persoas para comprender e facerse comprender.<br>▪ B2.2. Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.<br>▪ B2.3. Uso básico da quenda de palabra, con indicadores sinxelos de que se quere falar e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas. | etc., en relación con ámbitos e temas inmediatos cos que xa estea familiarizado.<br>▪ B2.7. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor. | ▪ PLEB2.7. Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando. | ▪ Toma parte nunha entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional traballada previamente sobre hábitos, gustos ou estudos. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ x | ▪ x | ▪ x |
| Bloque 3: Comprensión de textos escritos | | | | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).<br>– Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el.<br>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>– Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipótese sobre | ▪ B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.<br>▪ B3.2. Comprender mensaxes breves e sinxelas que conteñan instrucións, indicacións e información básica referida a necesidades inmediatas ou de carácter educativo ou ocupacional moi básico, de estrutura moi sinxela, | ▪ PLB3.1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos nunha excursión). | ▪ Segue con axuda de imaxes instrucións sinxelas e normas de seguridade. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ x | ▪ x | ▪ x |
| | | ▪ PLB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico. | ▪ Entende a idea principal de anuncios, de revistas ou internet. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ x | ▪ x | ▪ x |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>▪ B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto. | especialmente se contan con apoio visual.<br>▪ B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten asuntos cotiáns, temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas e un léxico básicos de uso común e habitual.<br>▪ B3.4. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo.<br>▪ B3.5. Comprender a información esencial de | ▪ PLB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles. | ▪ Entende información específica en paxinas web, ou material de consulta con imaxes aclaratorias. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ x | ▪ x | ▪ x |
| | | ▪ PLB3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | Comprende cartas persoais nas que se describen obxectos e lugares que expresen sentimentos, opinións ou se narren acontecementos presentes, pasados ou futuros. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ x | ▪ x | ▪ x |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | correspondencia persoal moi breve e sinxela en calquera soporte, identificando o rexistro formal ou informal, o propósito e as fórmulas de relación social, e outras convencións básicas propias deste tipo de texto.<br>▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar. | ▪ PLB3.5. Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet). | ▪ Entende información básica de correspondencia formal do seu interese, como compras por internet. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ x | ▪ x | ▪ x |
| | | ▪ PLB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel. | ▪ Comprende coa axuda dun diccionario historias de ficción adaptadas ao seu nivel. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ x | ▪ x | ▪ x |
| Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción | | | | | | | |
| ▪ B4.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas | ▪ B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, por exemplo copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de | ▪ PLB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc. | ▪ Utiliza estratexias que lle axudan a elaborar un texto: facer un borrador, fixarse en modelos parecidos, etc | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ x | ▪ x | ▪ x |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.)<br>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, información sobre o tema, etc.).<br>– Execución:<br>– Elaboración dun borrador.<br>– Estruturación do contido do texto.<br>– Organización do texto en parágrafos | texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, ou pondo una idea principal en cada parágrafo.<br>▪ B4.2. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas, os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un | ▪ PLB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares. | ▪ Escribe textos moi breves e sinxelos sobre situacións, persoas, obxectos e lugares. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ x | ▪ x | ▪ x |
| | | ▪ PLB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións. | ▪ Completa os seus datos e os seus gustos nun cuestionario sinxelo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ x | ▪ x | ▪ x |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos e temáticos dispoñibles.<br>– Recurso aos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).<br>– Revisión:<br>– Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>– Presentación coidada do | léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar; así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.<br>▪ B4.3. Describir de forma moi sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar de xeito lineal feitos e experiencias sinxelas, así como expor información básica e previamente preparada relacionada con temas cotiáns ou con materias do currículo.<br>▪ B4.4. Cubrir documentos básicos nos que se solicite información persoal relativa a actividades diarias, intereses (deportes, música, etc.), gustos, etc.<br>▪ B4.5. Escribir mensaxes sinxelas en diferentes soportes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.<br>▪ B4.6. Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se dea | ▪ PLB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais. | ▪ Escribe notas, anuncios e mensaxes breves sobre os seus intereses persoais, ou nas redes sociais. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ x | ▪ x | ▪ x |
| | | ▪ PLB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación | ▪ Escribe correspondencia persoal na que se intercambia información sobre si mesmo e as súas experiencias facendo ofertas ou suxestións, e dando opinións. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ x | ▪ x | ▪ x |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).<br>– Reescritura definitiva.<br>▪ B4.2. Características textuais:<br>– Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia e cohesión propios do seu nivel escolar. | información persoal básica e se expresen gustos, sentimentos e opinións.<br>▪ B4.7. Presentar os textos escritos de maneira coidada (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas. | ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo. | | | | | |
| 4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. | *2 %* |
| 4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa). | *2 %* |
| .6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass. | *0 %* |
| 4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese. | *3 %* |
| 4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. | *3 %* |
| ***BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGUE*** | ***20 %*** |
| 5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras. | *4 %* |
| 5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos. | *4 %* |

| | |
|---|---|
| 5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto. | *3 %* |
| 5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | *3 %* |
| 5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta. | *3 %* |
| 5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica. | *3 %* |

**Este curso os libros de lectura serán os seguintes:**

2º A / B : The Thief of Always ( Burlington)

4º : Huckelberry Finn ( Burlington)- 1st term
A Foreigner in India ( Burlington)- 2nd term
Dr. Jeckyll and Mr Hyde ( Burlington)- 3rd term

## 5.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

Para a superación da materia en grao mínimo será necesario:

- Ter unha actitude correcta ante a materia, os compañeiros e a convivencia da aula en xeral.

- Superar as probas específicas referentes as destrezas de comprensión (reading e listening) e producción ( writing e speaking) cunha nota media de 5 ou superior.

- Non ter unha actitude negativa ante as situacións de intervención en lingua inglesa.

- Ter feito un 80% do traballo da libreta de aula e Workbook.

- Obter unha nota media igual ou superior a 5 nas probas específicas das unidades (vocabulary e grammar). Este apartado refírese aos contidos teóricos básicos propostos en cada nivel e que pasamos a reflexar a continuación:

| 2º ESO.<br>Estandares de aprendizaxe ( Todo o curso) | *Concreción grao mínimo de consecución:* ***50%*** |
|---|---|
| *BLOQUE 1. Comprensión de textos orais* | ***10 %*** |
| 1.1 Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo. | *Comprende expresións básicas de benvida, agradecemento, etc.* |
| 1.2 . Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar. | *Comprende instrucións expresións breves e sinxelas do seu nivel relacionados co seu contexto e idade.* |
| 1.3 Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez. | *Comprende información moi esencial en gravacions sempre que poida escoitalas varias veces.* |
| 1.4 Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión). | *Distingue con apoio de imaxes a idea principal dunha presentación.* |
| 1.5 Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas. | *Identifica os puntos principais dunha conversa informal, sinxela a velocidade lenta* |

| | |
|---|---|
| 1.6 . Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito. | *Comprende con repeticións, expresións de gustos sobre asuntos prácticos da vida.* |
| 1.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempo atmosférico, noticias presentadas con imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez. | *Identifica se escoita varias veces información concreta sobre noticias con imaxes en medios audiovisuais adaptados para a aprendizaxe.* |
| | |
| ***BLOQUE 2 : PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN*** | ***10 %*** |
| *2.1.* Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervén na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións | *Intenta usar a lingua inglesa na aula ainda que cometa erros e teña que pedir axuda.* |
| *2.2.* . Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | *Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira e respeto polos compañeiros.* |
| 2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas. | *Móstrase disposto a colaborar en traballos tipo presentacións de power point, ou elaboración de videos cortos na lingua estranxeira.* |
| 2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando | *Sabe saudar e usar expresións da vida diaria útiles para compras, viaxes,* |

| | |
|---|---|
| | *transporte, etc.* |
| 2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. | *Expresa de forma sinxela a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, peticións e instrucións.* |
| 2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas do seus compañeiros e das súas compañeiras. | *Colabora cos compañeiros na interación en lingua inglesa.* |
| 2.7 Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando. | *Toma parte nunha entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional traballada previamente sobre hábitos, gustos ou estudos.* |
| ***BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS*** | ***10 %*** |
| 3.1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos nunha excursión). | *Segue con axuda de imaxes instrucións sinxelas e normas de seguridade.* |
| *3.2.* Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico | *Entende a idea principal de anuncios, de revistas ou internet.* |
| *3.3.* . Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles. | *Entende información específica en paxinas web, ou material de consulta con imaxes aclaratorias.* |

| | |
|---|---|
| 3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | *Comprende cartas persoais nas que se describen obxectos e lugares que expresen sentimentos, opinións ou se narren acontecementos presentes, pasados ou futuros.* |
| 3.5. . Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet). | *Entende información básica de correspondencia formal do seu interese, como compras por internet.* |
| 3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel. | *Comprende coa axuda dun diccionario historias de ficción adaptadas ao seu nivel.* |
| | |
| | |
| ***BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS*** | ***10 %*** |
| 4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc. | *Utiliza estratexias que lle axudan a elaborar un texto: facer un borrador, fixarse en modelos parecidos, etc.* |
| 4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares. | *Escribe textos moi breves e sinxelos sobre situacións, persoas, obxectos e lugares.* |
| 4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións. | *Completa os seus datos e os seus* |

| | |
|---|---|
| | *gustos nun cuestionario sinxelo.* |
| 4.4 Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais. | *Escribe notas, anuncios e mensaxes breves sobre os seus intereses persoais, ou nas redes sociais.* |
| 4.5 Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo. | *Escribe correspondencia persoal na que se intercambia información sobre si mesmo e as súas experiencias facendo ofertas ou suxestións, e dando opinións.* |
| 4.6 Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. | *Fai unha presentación coidada dun texto escrito con aceptable ortografía e puntuación.* |
| ***BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGUE*** | ***10 %*** |
| *5.1.* . Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | *Utiliza a lingua estranxeira con frecuencia na aula intentando facerse comprender.* |
| ***5.2*** . Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes. | *Escribe sen demasiados erros ortográficos e de forma comprensible.* |
| 5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.) | *Sabe usar convencións básicas do inglés para saudar e manterse nunha* |

| | |
|---|---|
| | *conversa.* |
| 5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. | *Na propia lingua identifica aspectos socioculturais de países de fala inglesa, con respeto,e evitando estereotipos.* |
| 5.5. . Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción. | *Utiliza outras linguas que coñece para a comprensión e elaboración de textos en inglés.* |
| 5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais). | *Comunica con bastante eficacia, tanto a nivel verbal como non verbal.* |
| 5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo. | *Coñece un vocabulario oral e escrito básico para elaborar textos sinxelos.* |
| 5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe | *Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas respetando as diversas culturas.* |

| *4º ESO.*<br>*Estandares de aprendizaxe . Todo o curso.* | *Concreción grao mínimo de consecucion:*<br>***50 %*** |
|---|---|
| *BLOQUE 1. Comprensión de textos orais* | ***10 %*** |
| 1.1 Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou | *Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión deducindo intencións e* |

| | |
|---|---|
| detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuíndo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias | *intuíndo o que non comprende, mediante os seus coñecementos.* |
| 1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países). | *Distingue, con apoio visual ou escrito, a información relevante en presentacións ou charlas sobre temas coñecidos, ou do seu interese.* |
| 1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión. | *Identifica a idea principal con apoio visual de noticias, anuncios, películas, etc.* |
| 1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional). | *Capta os puntos principais de mensaxes claras con instrucións, indicacións e información técnica.* |
| 1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua. | *Identifica as ideas principais dunha coversa, formal ou informal, sobre temas coñecidos.* |
| 1.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir | *Entende o principal nun diálogo sobre xestións cotiás, tendas, restaurantes, hoteis, etc.* |

| | |
|---|---|
| confirmación dalgúns detalles. | |
| 1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo. | *Comprende o principal nunha conversa ou entrevista formal na que participa sobre asuntos prácticos sempre que se lle repita e se lle fale con claridade e despacio.* |
| 1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade). | *Comprende nunha conversa informal as ideas principais sobre asuntos do seu interese persoal e cotiá.* |
| *BLOQUE 2 : PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN* | ***10 %*** |
| 2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc | *Utiliza recursos lingüísticos e paralingüísticos para entender e facerse entender de xeito aceptable.* |
| 2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras | *Interactúa varias veces na clase en inglés de xeito comprensible e respecta as achegas dos seus compañeiros.* |
| 2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media. | *Móstrase disposto a participar en presentacións breves tipo powerpoint ,ou vídeos en inglés, sobre aspectos concretos do seu interese.* |
| 2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais | *Desenvólvese aceptablemente en situacións cotiás como viaxes, aloxamento, comidas, compras, saúdos,* |

| | |
|---|---|
| (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto. | *lecer, etc.* |
| 5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade. | *Participa de forma comprensible en coversas informais donde se fan suxestións, descricións, sentimentos, feitos ocurridos no pasado, plans para o futuro, etc.* |
| 2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans. | *Toma parte de forma comprensible en conversas formais sobre temas habituais sendo capaz de narrar feitos, dar instrucións, expor opinións, facer plans, de forma moi sinxela.* |
| *BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS* | ***10 %*** |
| 3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.). | *Nas actividades da aula de lectura intenta inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, doutras linguas, imaxes, etc.* |
| 3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que | *Entende o máis básico da información específica en páxinas web, ou noutros materiais, sobre temas relacionados co seu interese.* |

| | |
|---|---|
| o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material. | |
| 3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo). | *Entende o sentido xeral da información relevante, de anuncios e comunicacións públicas do seu interese.* |
| 3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles. | *Localiza información específica en textos xornalísticos ou argumentativos, aínda que teña que reler varias veces.* |
| 3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | *Comprende os puntos principais de correspondencia persoal en calqueira soporte, incluído internet.* |
| 3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro). | *Entende o suficiente de cartas ou correos de carácter formal para poder reaccionar en consecuencia.* |
| 3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional). | *Identifica a meirande parte da información importante, de instrucións técnicas e normas de seguridade e convivencia.* |
| 3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela. | *Comprende os aspectos xerais e detalles máis relevantes de textos de ficción, ou literarios, adaptados ao seu nivel.* |

| *BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS* | ***10 %*** |
|---|---|
| 4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. | *Escribe informes breves e sinxelos nos que se dá información esencial sobre un tema, describindo situacións, lugares, etc.* |
| 4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos. | *Escribe correspondencia formal básica para facer xestións sinxelas, respectando as convencións formais e normas de cortesía destes textos.* |
| 4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenís, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía. | *Escribe notas, anuncios, mensaxes en calqueira soporte nos que se transmite información ou opinión sinxelas.* |
| 4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. | *Escribe de forma comprensible correspondencia persoal e participa en chats nos que fala de experiencias, sentimentos, narra feitos, intercambia información, xustifica as súas opinións, etc.* |
| 4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa). | *Completa con axuda, se é preciso, un cuestionario detallado con información persoal ou educativa.* |
| .6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass. | *Escribe con axuda o seu currículo en formato electrónico.* |
| 4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información | *Sabe tomar notas, coa información* |

| | |
|---|---|
| sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese. | *relevante, sobre asuntos concretos nos seus ámbitos persoal e educativo.* |
| 4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. | *Presenta de forma coidada textos escritos cunha ortografía aceptable.* |
| *BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE* | ***10 %*** |
| 5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras. | *Exprésase cunha pronuncia comprensible, aínda que teña que repetir se non se fai entender.* |
| 5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos. | *Produce textos escritos sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión.* |
| 5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha | *Desenvólvese bastante ben en situacións cotiás, ou menos habituais, como unha viaxe a outros países.* |
| reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto.<br>5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe | *Recoñece e respecta os elementos culturais máis relevantes dos países de fala inglesa.* |
| 5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta. | *Comprende e utiliza, con corrección suficiente, os recursos lingüísticos propios do seu nivel.* |

| | |
|---|---|
| 5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica. | *Ten un vocabulario suficiente para empregar sinónimos e non repetir sempre as mesmas palabras.* |

## 5.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

### Procedementos de avaliación

- Determinar o grao de consolidación de coñecementos previos a traves dunha avaliación inicial.

- Determinar a capacidade para poñer os coñecementos adquiridos en funcionamento a través das distintas estragexias de comunicación e das destrezas básicas para a comunicación, mediante pequenos exercicios ou probas orais.

- Identificar ou diagnosticar os problemas de aprendizaxe, se os houbera. Asi mesmo, identificar o maior número de factores que influen para que o alumno non avance axeitadamente na materia: falta de coñecementos consolidados, falta de práctica, vergoña, timidez... e proporcionar estratexias para superar os “atrancos”.

- Realizar probas escritas trimestrais para estimular o apredizaxe a longo prazo, e a súa contextualización . Ao menos dúas probas por trimestre.

- Valorar todo o traballo que realizan os alumnos, premiando a creatividade e o esforzo.

- Proporcionar amplias oportunidades para que o alumno poida expresarse en lingua estranxeira e animalo a falar o máximo posible en inglés.

- Proporcionar feedback dos seus traballos para que poida autocorrixirse de forma cada vez mais autónoma. Valorar que aprenda dos erros.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos que imos utilizar na realización da avaliación son:

- A observación directa dos alumnos e alumnas na aula, o que nos vai dar información, fundamentalmente, sobre procedementos e actitudes: participación, interese, espírito crítico, tolerancia e orixinalidade.

- O traballo diario na realización das tarefas e exercicios que se establezan.

- As intervencións orais, que nos permiten avaliar o grao de comprensión dos conceptos e a capacidade de usar os termos en contextos diferentes. Tamén a capacidade de expresarse en lingua inglesa, así como describir situacións sinaladas polo profesor.

- A capacidade de expresarse por escrito en lingua inglesa, empregando actividades guiadas nas que valoraremos a capacidade de poñer en práctica os coñecementos adquiridos, o esforzo por incorporar novas estruturas e vocabulario, a orixinalidade e personalización dos textos producidos e a puntualidade na súa entrega cando se presenten como fichas de traballo.

- O caderno e traballos voluntarios , os deberes ( Workbook),nos que valoraremos os seguintes aspectos: a presentación e organización, o desenvolvemento das actividades, o nivel de comprensión e a orixinalidade.

- A lectura da obra ou obras literarias obligatoria (e a realización de lecturas voluntarias) en inglés, axeitadas ao nivel respectivo.

- A realización de proxectos trimestrais voluntarios, respectando os prazos de entrega e coidando a realización e presentación dos mesmos.

- As probas de exame de avaliación trimestral que se distribuirán nos seguintes apartados:

- Comprensión oral (listening)
- Expresión oral (speaking)
- Comprensión escrita (reading)
- Expresión escrita (writing)
- Dominio dos conceptos formais (Grammar/Vocabulary)

En canto á valoración, é máis oportuno referirse á suma de apreciacións con respecto a: as actividades, procedementos, materiais e ferramentas empregados, por un lado e ao avance intelectual do alumno por outro.

Pasos a seguir:

Avaliación inicial – coñecer a situación previa.

Avaliación continua e formativa – o proceso de ensinanza-aprendizaxe é un continuo.

Avaliación reguladora, orientadora e autocorrectora.

Avaliación sumativa – grado de consecución dos obxectivos tanto dos alumnos como do propio proceso. Realízase ao final de cada unha das fases.

Avaliación individualizada – atendendo á diversidade, segundo os indicadores que teñamos de cada alumno pola avaliación inicial.

## 6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

A modo de introducción deste apartado podemos concretar que as bases metodolóxicas sobre as que plantexamos esta programación son as seguintes:

- O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos;
- A aprendizaxe a nivel de competencias;
- As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe;
- Os alumnos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes;
- A aprendizaxe dos alumnos é maior e de máis calidade se se basea na actividade;

- Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe;
- A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe;
- A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos;
- Unha aprendizaxe permanente.

O obxecto da materia de Lingua Estranxeira na etapa de Educación secundaria obrigatoria é a aprendizaxe das destrezas discursivas que poden ter lugar en ámbitos diversos. Ao finalizar a Educación Primaria, os alumnos e as alumnas deben ser capaces de utilizar a lingua estranxeira para expresarse e interactuar oralmente e por escrito en situacións sinxelas e habituais. No ciclo de Educación secundaria obrigatoria continúase o proceso de aprendizaxe da Lingua Estranxeira, co obxectivo de que ao finalizar esta etapa consolidasen as destrezas produtivas e sexan capaces de manter unha interacción e facerse entender nun conxunto de situacións, como ofrecer e pedir explicacións persoais nun debate informal, expresar de forma comprensible a idea que se quere dar a entender, utilizar unha linguaxe ampla e sinxela para explicar o que se quere, comprender as ideas principais de textos en lingua estándar, aínda con pausas evidentes para realizar certa planificación gramatical e léxica. Así mesmo, ao finalizar a etapa, deberán saber enfrontarse de forma flexible a problemas cotiáns de comunicación oral e escrita, como participar en conversacións habituais, formular queixas, relatar experiencias ou plans, explicar algo ou pedir aclaracións. En definitiva, esta etapa debe supoñer un punto de partida sólido para continuar, de forma progresivamente autónoma, cunha aprendizaxe que vai durar toda a vida.

Por outra parte, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira transcende o marco das aprendizaxes lingüísticas, vai máis alá de aprender a utilizala en contextos de comunicación. O seu coñecemento contribúe á formación do alumnado dende unha perspectiva integral en tanto que favorece o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas, desenvolve a conciencia intercultural é un vehículo para a comprensión de temas e problemas globais e para a adquisición de estratexias de aprendizaxe diversas. O proceso de ensino e aprendizaxe dunha lingua estranxeira nesta

etapa educativa leva consigo un claro compoñente actitudinal, na medida que contribúe a desenvolver actitudes positivas e receptivas cara a outras linguas e culturas e, ao mesmo tempo, a comprender e valorar a lingua ou linguas propias. Na medida do posible, é globalizar experiencias sen esquecer a etapa concreta de aprendizaxe en que os estudantes se atopan.

Estes principios xerais podemos analizalos nos seguintes obxectivos específicos:

- **Transmitir aos alumnos de Secundaria un vocabulario útil e necesario para comunicarse en inglés.** Para iso, en cada unidade preséntase, practícase e recíclase o vocabulario relativo a un tema determinado.
- **Explicar expresións típicamente inglesas** a través de diálogos entre alumnos da mesma idade que os estudantes.
- **Axudar aos alumnos a comprender a gramática inglesa e utilizar a lingua de forma correcta,** sobre a base de explicacións claras e unha práctica progresiva que vai de conceptos sinxelos a outros máis complexos.
- **Trasladar aos alumnos aspectos da cultura británica ou estadounidense e propiciar unha comparación coa súa propia cultura** a través de seccións especificas de cultura.
- **Permitir aos alumnos centrarse na vida diaria e os costumes dos adolescentes de fala inglesa,** vendo como se desenvolven en diversos contextos ilustrados tanto no *Student's Book* como nos vídeos que inclúe o curso.
- **Plasmar o mundo real máis alá da aula** coa axuda de textos e seccións informativas, dentro das unidades.
- **Proporcionar aos alumnos ferramentas para expresarse, tanto de forma oral coma por escrito, acerca de temas que lles resultarán interesantes e motivadores.** Ofréceselles, non só a práctica necesaria, senón tamén axuda para preparar tanto textos orais coma escritos.
- **Dar aos alumnos a oportunidade de reciclar e repasar o vocabulario e as estruturas que van aprendendo** nos apartados de repaso.

- **Permitir aos alumnos avaliar o seu propio progreso** utilizando os diferentes exercicios de auto-avaliación de todas as unidades.
- **Facer posible que os alumnos se convertan en mellores estudantes de idiomas, e tamén que sexan máis independentes.** Anímaselles a utilizar as seccións de referencia (apartado de gramática, listas de vocabulario), así como compoñentes multimedia para practicar na casa**.**
- **Contribuír a que os alumnos de Secundaria gocen das clases de inglés** grazas a un material do máis motivador: cancións auténticas, exercicios que inclúen xogos, sopas de letras, encrucillados, etc., e materiais multimedia nos que atoparán diversos xogos. Usamos libro dixital nas clases.

Finalmente, cada unidade didáctica incluirá materiais, exercicios e propostas nos que os alumnos terán a oportunidade de practicar e traballar:

- vocabulario
- gramática
- Comprensión escrita
- Comprensión oral
- Expresión oral
- Pronunciación
- Expresión escrita

## 7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

| Recursos materiais dispoñíbeis no centro | Recursos espaciais dispoñíbeis no centro |
|---|---|
| • Vídeo<br>• TV<br>• Radiocasete/ reprodutor CD<br>• Cámara de vídeo<br>• Ordenadores<br>• Encerado Dixital Interactivo<br>• Aula de Informática | • Aula de ordenadores<br>• Patio<br>• Ximnasio (Polideportivo municipal)<br>• Multiusos de Rois<br>• Biblioteca |

| | 2º ESO<br>NEW ACTION 2<br>Burlington | | 4º ESO<br>NEW ACTION 4<br>Burlington |
|---|---|---|---|
| | **Profesor**<br>Libro dixital<br>Pizarra dixital<br>Guía do Profesor,<br>Teacher's Resource Pack,<br>DVD / Audio CDs<br>Ordenador de Aula<br>Recursos Web | **a** | **Profesor**<br>Libro dixital<br>Pizarra dixital<br>Guía do Profesor,<br>Teacher's Resource Pack,<br>DVD / Audio CDs<br>Ordenador de Aula<br>Recursos web |
| | **Alumnos/as**<br>Libro do Alumno,<br>Workbook,<br>Audio CDs<br>Recursos Web<br>Fichas elaboradas polo profesor e / ou auxiliar de conversa<br>Libro de lectura<br>Portátil de aula<br>Interactive Student | | **Alumnos/as**<br>Libro do Alumno,<br>Notebook,<br>Audio CDs<br>Recursos Web<br>Fichas elaboradas polo profesor e / ou auxiliar de conversa<br>Libro de lectura<br>Interactive Student |

## 8 . CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

### CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN:

A avaliación é un sistema que comproba si un proceso cumpliu unha realidade en relación a un modelo establecido, plasmado a través duns obxectivos. **A avaliación educativa é**

**un valioso instrumento de seguemento e de valoración dos resultados obtidos, así como a mellora dos procesos que permiten obtelos.**

A avaliación ao longo do curso será continua e formativa, realizando un balance da mesma ao final de cada trimestre ou coincidindo cos periodos asignados para avaliacións polo equipo directivo do centro. Será fundamentalmente formativa, dándolle máis importancia ao proceso que ao resultado. Para elo empregaremos os seguintes criterios:
- Actitude cara a materia.
- Traballo individualizado e en equipo. Colaboración cos compañeiros e co profesor.
- Comportamento e normas de convivencia na aula, no centro e nas actividades lectivas complementarias que se desenvolvan fora de este.
- Presentación e organización nos trabajos realizados: a materia de LINGUA ESTRANXEIRA - INGLÉS ten un gran percentaxe de aplicación práctica, polo que os traballos e intervencións orais propostas serán tanto de cumprimento obrigado coma voluntario
- Asistencia e puntualidade a clase (dereitos e deberes dos alumnos).

Os elementos de referencia para concretar a avaliación dos criterios citados serán: control do coñecemento sobre os contidos teóricos da materia (gramática e vocabulario) reflexados na realización das intervencións, tarefas e traballos (individuais ou en equipo) de aplicación de ditos coñecementos, que na programación aparecen reflexados como actividades prácticas, proceso de realización de cada intervención ou traballo práctico e observación continuada por parte do profesor da actividade cotiá na aula.

Os criterios de avaliación, ademáis de permitir a valoración do tipo e grao de aprendizaxe adquirido, convírtense en referente fundamental para valorar a adquisición das competencias clave.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

---

A observación directa do traballo diario realizado polos alumnos proporcionaranos unha valiosa información sobre aspectos actitudinais e outros de carácter conceptual e procedimental.
- 1. O grao de comprensión dos contidos.

- 2. A realización de tarefas marcadas.
- 3. Realización dos deberes no libro de exercicios ou Workbook. Entregalo feito e en prazo cando corresponde correxir cada unidade.
- 3. Realización de actividades individuais no seu caderno.
- 4. Realización de traballos colaborativos ou en grupo e grao de implicación nos mesmos.
- 5. Grao de participación en clase, presentación de traballos e actividades complementarias.
- 6. Observación diaria do comportamento e a actitude do alumno na aula. Así como a regularidade na asistencia a clase.

Todo elo, cadernos, traballos en grupo, etc, serán entregados aos alumnos unha vez correxidos, tendo oportunidade de contrastar os seus acertos e erros incluso dunha forma grupal, fomentando así unha reflexión continua que permita buscar estratexias de mellora.

Nos exercicios específicos de “destrezas” terase en conta ademáis do coñecemento e aplicación dos contidos requeridos o coñecemento da linguaxe específica e o seu dominio, a claridade na expresión dos conceptos e a coherencia das redaccións ou expresións.

A actitude ante a materia así como hacia os compañeiros e o comportamento dentro da aula (atención, participación, entrega de traballos nos prazos indicados así como a realización dos mesmos na aula, respectar e coidar o entorno da aula, etc.) contará un 10% da nota total de cada avaliación.

**En resumo :**

**1.** PROBAS ESCRITAS / ORAIS: A cualificación dos alumnos realizarase preferentemente mediante o resultado das probas específicas de avaliación, e das tarefas directamente relacionadas co desenvolvemento das catro destrezas básicas.
Estas probas constarán de preguntas variadas, gramática, vocabulario, comprensión oral, comprensión escrita, expresión escrita, etc.

**2.** Haberá ao menos dous exames por avaliación,nos que entrarán as catro destrezas, mais exercicios de gramática e vocabulario correspondentes ás unidades que se impartan en cada trimestre. Nunha avaliación haberá un control de verbos irregulares, que conta coma os demais exames, e noutra, un exame ou traballo do libro de lectura, que conta tamén coma un exame dos temas.

- A actitude na clase (puntualidade, respecto, interese e participación) terase moi en conta á hora de decidir a calificación. Pódense baixar ata un punto da nota por negativos ( 0,2 cada un) por mala actitude ou non facer os deberes. Pódese subir ata un punto( 0,2 cada positivo), por traballos voluntarios e boa actitude, participación, etc. Pero só se subirá este punto cando a nota media dos exames non é inferior a un 4.

- O prazo para a entrega de traballos termina dez días antes da data de cada avaliación.

- Para obter a nota final, farase unha media aritmética entre as notas das tres avaliacións.

- **Recuperación da materia durante o curso**: Unha avaliación recupera a anterior, non haberá recuperacións en cada avaliación, xa que os contidos se repiten e superpoñen.

**Polo tanto, para a superación da materia será necesario obter unha calificación na avaliación final igual ou superior a 5 sobre un máximo de 10.**

**Este curso hai un cambio. Elímínase a covocatoria extraordinaria de setembro. A terceira avaliación terá lugar o día 7 de xuño, e a avaliación final o día 23 de xuño.**

**Plan para os alumnos que non superen a materia:** Todos aqueles alumnos e alumnas que non superen positivamente esta materia ao facer a media aritmética das calificacións dos tres trimestres, deberán facer un exame global de recuperación, no que entra todo o temario, uns días antes do 23 de xuño.
Avaliarase segundo os criterios de avaliación establecidos anteriormente.

Durante as dúas semanas que separan a terceira avaliación da final, o alumnado terá que asistir a clase e facer tarefas ou ben de reforzo, fichas de nivel básico de todo o temario, ou de ampliación, proxectos, comentarios, redaccións, presentacións, etc.

Valoraráse a asistencia, traballo e boa actitude e poderáse subir a nota media ata 0´6, pola contra tamén poderáse baixar a nota media ata 0,6 se o comportamento , o traballo ou a asistencia non son adecuadas.

| **Criterios de cualificación (3ª avaliación)** | **Período de reucuperación, ampliación e reforzo** | **Avaliación final** |
|---|---|---|
| Avaliación continua sumativa e formativa.<br><br>Haberá probas variadas para avaliar todas as destrezas: listening, speaking, writing, reading.<br><br>As tres avaliacións farán media artimética para a nota final | **Alumnado coa materia superada**<br>Co obxectivo de repasar e por en práctica os contidos aprendidos durante o curso, se organizarán tarefas tipo: elaboración de proxectos, fichas de ampliación, presentacións power point,etc. | A nota media do curso obteráse facendo a media aritmética das tres avaliacións<br>Esta nota poderáse incrementar en 0,6 se as tarefas realizadas neste período teñen unha valoración positiva; tamén poderáse restar 0,6 se non hai interese e non se fan as tarefas. |
| | **Alumando coa materia suspensa** | A **nota final mínima** do curso será de **Aprobado (5**) se os |

| | | |
|---|---|---|
| | Co obxectivo de recuperar a materia e acadar os mínimos esixibles se implementarán **tarefas de reforzo** e se farán **probas** adaptadas ás carencias e necesidades dos alumnos que non teñan a materia superada. | alumnos conseguen superar as probas feitas no período de recuperación. |

## INFORMACIÓN ADICIONAL PARA O CURSO DE 4º ESO

No que respecta ao último curso de Secundaria, o alumnado de 4º ESO será evaluado mediante uns criterios de calificación diferentes aos anteriores cursos. Haberá **dúas probas escritas** que ocuparán un **60%** da nota final e que reunirán actividades pertencentes a tres das catro destrezas básicas (listening, reading e writing), así como exercicios gramaticais e de vocabulario. Por outra banda, un **15%** da nota será destinado

a unha proba singular de **speaking** ao final de cada evaluación, coa posibilidade de converterse en dúas probas diferentes de speaking nunha mesma avaliación segundo o profesor considere oportuno ao longo do curso. Outro **15**% da nota será destinado a unha pequena proba sobre o **libro de lectura** correspondente a cada avaliación. Finalmente, o restante **10%** dependerá da realización das **tarefas diarias** por parte do alumnado (workbook, libro electrónico, participación oral), así como do **comportamento** na aula. Unha vez que a nota sexa calculada seguindo as anteriores porcentaxes, a actitude do alumnado poderá influir ata un máximo de 1 punto.

| **CRITERIOS DE CALIFICACIÓN 4º ESO** | |
|---|---|
| Probas escritas | 6 puntos |
| Examen oral | 1’5 puntos |
| Examen libro lectura | 1’5 puntos |
| Traballo diario e comportamento | 1 punto |

*A nota final poderá variar ata 1 punto tanto positiva como negativamente debido á actitude na aula e decara á asignatura.

## 9 . INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Coa finalidade de avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a propia práctica docente, incluímos a continuación unha plantilla cos indicadores de logro e os elementos a avaliar:

### AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO

| INDICADORES | ESCALA | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

### AUTOAVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

| INDICADORES | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | |

## 10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

O alumnado coa materia pendente do curso anterior, ademais de desenvolver as actividades correspondentes ao longo do curso marcadas polo profesor, realizarán unha proba das tres primeiras unidades en novembro, outra das tres seguintes en febreiro, e outra das últimas tres en maio, na hora de clase de inglés. A nota será a media destes tres exames. A entrega do Workbook completo suporá un punto a maiores.

En caso de non acadar unha avaliación positiva poderán ter un exame global a finais de maio. Finalmente está a convocatoria extraordinaria de setembro.

As probas serán en función dos temas do curso anterior e os contidos mínimos concretados nesta programación para cada curso. Será a Xefa do Departamento a encargada de coordinar ao alumnado de pendentes, ao que se lle proporcionará os

materiais necesarios para que poidan recuperar a materia, horario de atención para resolver dúbidas ou dificultades coas tarefas asignadas e apoio específico se fose necesario.

Coa finalidade de coordinar e proporcionar os materiais de traballo para a recuperación da materia e facer un posterior seguemento da evolución destes alumnos/as convocaránse as reunións necesarias durante os periodos de recreo -estas reunións procuraremos que non sexan superiores a dez minutos para respectar na medida do posible o espazo de lecer do alumnado-. A primeira será para dar información sobre como recuperar a pendente, este curso están convocados para o día 23 de outubro no primeiro recreo.

Os procedementos de cualificación deste alumnado fundamentaranse, sobre todo, no esforzo e na capacidade de evolución do propio alumno con respecto aos procedementos empregados, a actitude en xeral, e o desenvolvemento do traballo ou pequenos proxectos que deberá realizar. Ademáis de amosar a través das probas escritas arriba indicadas que acadou un coñecemento suficiente dos contidos mínimos establecidos así como a consolidación dos coñecementos básicos necesarios para progresar no aprendizaxe do idioma.

## 11 . DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

Realizaremos probas escritas de avaliación inicial en tódolos cursos ao longo das primeiras semanas do curso. Avisarase previamente ao alumno por se desexa repasar un pouco, pero trátase de determinar en que grao foi capaz de reter coñecementos e destrezas de maneira efectiva. Tamén observaremos comportamentos e actitudes para poder detectar posibles problemas a tempo de actuar.

As probas iniciais son meramente orientativas para o profesor xa que serven para darlle unha imaxen global do nivel ou niveis dun grupo, pero ao longo de toda a ESO pretendemos que os niveis acadados sexan flexibles e que un alumno poida fluctuar entre niveis dependendo dos contidos ou da destreza a poñer en práctica, ampliando asi as

posibilidades de que un maior número de alumnos/as poidan acadar unha avaliación positiva na materia ao finalizar o curso.

Para, de ser o caso, detectar as posibles necesidades dos nosos alumnos, unha avaliación inicial pódenos facilitar non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir da cal poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así coma sobre os recursos que se van empregar.

- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

- - Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.

- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

- Sobre todo en 1º da ESO, será necesario un período prudencial para a observación e coñecemento máis exhaustivo do grupo /s, e das características individuais dos

estudiantes. Consideramos que en todo caso calquera deseño de medidas individuais ou colectivas deberá producirse unha vez coñecidos, valorados e analizados os resultados da primeira avaliación.

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

### A.- CONSIDERACIÓNS XERAIS

A lexislación vixente establece a adecuación das ensinanzas de réxime xeral ás características dos/as alumnos/as con necesidades educativas especiais no marco dunha ensinanza comprensiva e aberta á diversidade.

Entendemos por necesidades educativas especiais aquelas dificultades que presenta o alumnado (permanentes ou transitorias) para consegui-los obxectivos da súa unidade de referencia que poidan atribuírse a diferentes causas relacionadas fundamentalmente con:

- O contexto familiar, social ou cultural.
- A súa historia educativa e escolar.
- A condicións personais asociadas, xa sexa a discapacidade psíquica, motora ou sensorial ou as condicións de sobredotación intelectual.

Iniciámo-lo proceso mediante a observación do alumno/a. Neste punto o profesorado , o titor /a ,e o departamento de orientación teñen un papel fundamental, xa que a proximidade ao alumno/a e o seu carácter mediador e organizador das experiencias de aprendizaxe, convérteos nunha fonte privilexiada de información. Valorando esta información, extremaranse as medidas preventivas e de axuste ordinario ó seu alcance, é dicir, aplicarase un reforzo educativo (modificación na secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos de alumnado e todo aquelo incluído dentro da metodoloxía).

Nembargantes, a cotío , aplicaránse as seguintes medidas adaptadas a cada caso individual:

1. Incentivar a creatividade e a motivación
2. Facilitar a comprensión

3. Potenciar actividades que estimulen mellor a aceptación e integración
4. Actividades de reforzo e repaso
5. Materiais didácticos mellor adaptados ás características psicoloxicas e sensoriais do alumnado

Adoptaremos ademais dúas accións concretas este curso:

1º.- O Reforzo educativo, no que xa está incluido aquel alumnado que, unha vez analizada a súa traxectoria académica así como os informes pertinentes, presenta necesidade de reforzo na materia de lingua inglesa. Ou ten a materia pendente.

2º.- A atención individualizada e ampliada a aquel alumnado que presente un resultado por debaixo da media nas probas de avaliación inicial. Nos casos que sexa realmente necesario esta atención ofreceráse de xeito voluntario nalgún recreo con periodicidade semanal.

3º. A Adaptación curricular ou ACI, para casos moi concretos nos que o nivel do alumno/a e substancialmente máis baixo por razóns varias, discapacidade, etc.

**B.- Atención curricular individual, plans de reforzo, ACIS, ampliación.**

Resumimos a continuación a casuística en cada nivel da ESO e as medidas concretas que estamos a aplicar:

1º A: 5 alumnos/ as con reforzo
1º B: 7 reforzos
2ºA : 6 alumnos con reforzo.
2º B : 2 alumnos-as con reforzo e 1 con ACI.
3º: 5 Reforzos
4º **:** 8 alumnos con reforzo e 1 con ACI .

## 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Os temas transversais que poden aparecer en diversas partes do currículo, non están unicamente relacionados co “saber sobre” senón tamén co “saber como comportarse” na sociedade.

Os libros de texto e materiais que empregaremos ao longo do curso integran todos estes elementos no proceso de aprendizaxe, de maneira que dunha ou outra forma, xa sexa no tema da unidade ou nas tarefas específicas, en todas as unidades trátanse temas relacionados coa educación moral e cívica, a educación ambiental, a educación para a tolerancia, a educación para a igualdade de ambos sexos, a educación para a saúde e a educación para o lecer.

A educación en valores nesta materia canalízase ao longo de todo o curso debido a que o tratamento educativo da lingua estranxeira fai posible recoller a totalidade dos temas transversais, pero permitindo unha maior conexión coa educación moral e cívica, a educación para a paz e a convivencia e a educación para o consumo.

A educación moral e cívica: o traballo en grupos e por parellas e as intervencións do profesorado na aula destacarán sempre os aspectos ligados ao respecto aos demais, á tolerancia e axuda mutua.

Educación para a igualdade entre os sexos: o material utilizado, tanto nos textos como nas viñetas, mostra a nenos e nenas, mulleres e homes, realizando as mesmas tarefas profesionais, domésticas e de lecer.

Educación para a paz: nos textos e exposicións fomentarase sempre o entendemento e o respecto a todas as culturas, razas e costumes.

Educación para a saúde: nas viñetas dos textos aparecen os personaxes interesados polo exercicio físico e o coidado da saúde, aspectos a resaltar polo profesorado nas circunstancias adecuadas.

Educación ambiental: ao longo do curso procurarase que o alumnado se faga consciente da importancia de conservar e protexer o medio ambiente, non só a nivel global, senón especialmente no entorno doméstico e local de cada un.

Educación sexual: nos exemplos a utilizar e nos textos os personaxes de distinto sexo relaciónanse de forma natural en contextos moi diferentes, compartindo ideas e opinións e expresando as súas emocións de forma natural.

Educación do consumidor: mediante os textos a utilizar nas clase e os comentarios do profesorado procurarase que o alumnado sexa consciente dos perigos da sociedade de consumo e reflexione antes de gastar o diñeiro.

Educación vial: nas actividades que o alumnado vai desenvolver está incluída a aprendizaxe de destrezas ligadas a seguir un mapa, dar e pedir direccións, etc. Tamén aspectos relacionados coa seguridade vial.

## 15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO.

Ao desaparecer o protocolo covid, voltaremos contratar unha obra de teatro en inglés a cargo da compañía “ Interacting” para representar no multiusos de Rois , posiblemebte unha para primaria e outra para secundaria.

## 16. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADEMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Os criterios para realizar a avaliación da presente programación son:

- Analizar o seguimento temporal da programación e o desenvolvemento da mesma indicando os problemas atopados.
- Cotexar o axuste da secuenciación dos contidos establecida na Programación cos contidos impartidos en cada avaliación.
- Contrastar a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características do alumnado e á dinámica do grupo correspondente.
- Analizar a eficacia das medidas de apoio e reforzo empregadas.
- Analizar a adecuación da metodoloxía tanto da xeral como da específica de cada materia.
- Analizar a adecuación e a eficacia dos procedementos de avaliación.
- Analizar o aproveitamento dos recursos do Centro.
- Analizar a idoneidade dos materiais curriculares.
- Analizar a coordinación no ámbito do Departamento, tanto co auxiliar de conversa, coma co equipo plurilingüe.

As correccións, matizacións e cambios introducidos na programación ao longo do curso escolar recolleranse no Libro de Actas do Departamento e explicaranse as razóns dos mesmos.

Os resultados da avaliación da Programación así coma as medidas de corrección adoptadas, figurarán na Memoria Final.

Usaremos a seguinte táboa para avaliar tódolos puntos relevantes:

| Obxectivos: | Si | Non |
|---|---|---|
| Chegamos a un acordo acerca dos obxectivos de cada nivel? | | |
| Están secuenciados con respecto aos de niveis anteriores? | | |
| Concretáronse o suficiente para poder orientar a nosa intervención educativa? | | |
| Fan referencia ás capacidades coas que a nosa materia relaciónase?. | | |
| Contidos: | Si | Non |

| | | |
|---|---|---|
| Están secuenciados con respecto aos previstos nos niveis inferiores ao que nos atopamos? | | |
| Se explicitan os mínimos exixibles? para este nivel? | | |
| Relacionáronse de forma natural cos temas de carácter transversal | | |
| Planificáronse as relacións dos contidos desta materia cos doutras materias que cursa o alumnado, para tratar as linguas de xeito integrado? | | |
| Metodoloxía: | Si | Non |
| Prevéronse axudas pedagóxicas dentro das explicacións? | | |
| Os materiais curriculares que serven de apoio a esta Programación foron valorados e seleccionados nos seus aspectos técnico, curricular e de educación en valores? | | |
| Fron adecuados os espazos previstos? | | |
| Equilibrouse o uso dos distintos tipos de agrupamientos nas actividades: gran grupo, pequenos grupos, parellas e individualmente?. | | |
| Avaliación | Si | Non |
| Explicitáronse correctamente os criterios de avaliación e o grao mínimo en que hai que acadar nos estándares? | | |
| As técnicas e instrumentos de avaliación facilitaron abundante información sobre o que aprendeu cada alumno e alumna? | | |
| Definíronse correctamente os criterios de cualificación e comunicáronse ao alumnado? | | |
| Realizouse un adecuado seguimento do alumnado coa materia pendente e do alumnado que repite curso? | | |
| Atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo: | Si | Non |
| Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula en canto a elementos organizativos (espazos, tempos, mateteriais, agrupamentos)? | | |
| Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula e en canto a elementos curriculares (obxectivos didácticos, contidos, explicacións, actividades, procedementos de avaliación)? | | |
| Actividades complementarias e extraescolares. | Si | Non |
| Valoráronse positivamente as actividades comp. e extraesc. do curso anterior? | | |

## 17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E AO PLAN LINGUISTICO:

Para fomentar a comprensión lectora do alumnado e adquirir o hábito da lectura, en todos os grupos adicarase, tal como vimos facendo os cursos anteriores, unha parte da clase á lectura de textos xornalísticos e literarios que veñen recollidos no material didáctico que o alumnado utiliza en cada curso e que despois son avaliados con exercicios orais e escritos que miden a capacidade alcanzada polo alumnado.

Así mesmo, cada alumno e alumna terá que ler obrigatoriamente e como mínimo unha obra breve en inglés, adaptada ao nivel que está cursando. Os títulos das obras a ler este curso son os seguinte:

2º ESO A e B: The Thief of Always ( Burlington)
4º ESO: Dracula ( Burlington)

Asimesmo hai libros de lectura adaptada de diversos niveis para os alumnos no departamento e na biblioteca, poden levalos prestados e facer un traballo ou un exame oral sobre o libro da súa elección para subir nota.

Por Samaín, Halloween, facemos un concurso de relatos curtos de terror, nas catro linguas, inglés, francés, castelán e galego. Hai un premio, un libro, por cada lingua e etapa. E ponse positivo ao alumnado que participa. En inglés é un traballo voluntario.

Temos o proxecto plurilingüe que é en sí mesmo unha clara colaboración ao plan lingüístico, este curso as asignaturas CLIL son Plástica, en 1º e 3º de ESO, e Tecnoloxía en 2º e 4º da Eso. Tamén temos Robótica e Plástica en inglés en tódolos cursos de educación primaria.

## 18. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

**O Departamento de Inglés inclúe na súa programación diversas accións que contribúen a fomentar o uso das TICs:**

1.Os proxectos culturais propostos para elaborar en cada trimestre de cada nivel educativo da ESO implican o manexo das novas tecnoloxías para a búsqueda e selección de información, así como, o emprego de diversos programas ou habilidades informáticas para a composición e presentación dos proxectos por parte dos alumnos/as.

2."Ferramenta Abalar-Edixgal" - Este ano académico se atopa implantado o Edixgal en tódolos cursos da ESO no noso centro por tanto o noso alumnado traballa de forma asídua cos ordenadores de aula. Polo momento só empregabamos un libro dixital de aula para a posta en común do traballo e as correccións e animamos aos alumnos a que explore as posibilidades que lle brinda a páxina web de contidos e exercicios que brinda o soporte do libro de texto.

No segundo ciclo, tamén empregamos libro dixital na aula, pero sen instalación Abalar. O obxectivo é optimizar a posta en común das tarefas e correccións e familiarizar ao alumnado coas novas ferramentas e recursos dixitais.

A editorial Burlington pon ao noso dispor, de forma totalmente, gratuíta os códigos para que o alumnado dispoña da lincencia para acceder ao libro dixital interactivo e o webbook do seu nivel, co cal poden traballar, autocorrexir exercicios, e escoitar as audicións pola súa conta na casa.

Tamén imos traballar coa aula virtual do centro, co Moodle, sobre todo en casos de semipresencialidad o non presencialidad.

## 19. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Esta programación está publicada e a disposición da comunidade educativa na dirección e/ou web do noso centro. Así mesmo, ós /ás alumnas se lles proporcionará información

directa acerca dos obxectivos, mínimos esixibles e criterios de avaliación do curso correspondente.

## 20. MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR

Na memoria do curso pasado reflíctese a percentaxe de aprobados, que é dun 83 % de media. Resultado moi bo en comparación ao 80 % do curso pasado.

Nembergantes imos adicar algúns recreos a clases particulares para o alumnado coa materia pendente, e levar unha supervisión mais de cotío cos alumnos que non superan a materia en cada trimestre. Darlles fichas de traballo extra, aclarar dúbidas, e tratar de motivalos máis, con actividades máis lúdicas, na clase da lectora, e conversas privadas con cada un deles para detectar as súas dificultades .

Rois, 16 de setembro de 2022

Asdo.: Mª ISABEL PAMPÍN GARCÍA ( Xefa Seminario)